

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

- | | |
|----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| a) Nome oficial. | Economía Industrial Europea |
| b) Titulación. | ADE+Dereito |
| c) Créditos | 6 (Teóricos 4.5; Prácticos 1.5) |
| d) Curso. | Sexto |
| e) Código da materia. | 621211605 |
| f) Tipo. | Obrigatoria |
| g) Impartición. | Primeiro Cuatrimestre |
| h) Departamento/s responsable/s. | Análise Económico e Administración de Empresas |
| i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia | J. A. Faíña Medín, P. Veiga Fernández e Jesús López Rodríguez |

Información por grupo (A;B)

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

J. Andrés Faíña Medín e Jesús López Rodríguez

2) Lugar e horario de titorías

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Luns, Martes e Mércores de 11 a 13 horas e Luns e Mércores de 19 a 20.30 horas

3) E-mail

fai@udc.es; jelopez@udc.es.

4) Universidade Virtual: Temas, diapositivas e prácticas

5) Lingua na que se impartirá a docencia: español, outras de se solicitar: galego e inglés

II. OBXETIVOS DA MATERIA

Pretende subministrar as ferramentas necesarias para a análise e caracterización dos factores estruturais que determinan o funcionamento dos sectores e permiten anticipar a súa evolución futura. Estudiaranse os sectores no seu contexto económico global e da Unión Europea, de acordo coas características dos mesmos e o mercado relevante aos niveis xeográfico e de produtos. Esta análise convertese nunha ferramenta básica para identificar o posicionamento das empresas no seu entorno, como punto de partida para o establecemento das súas estratexias competitivas e a avaliación de proxectos de inversión. Ao mesmo tempo, no ámbito da actuación pública, facilitará o deseño da Política Industrial, con especial referencia á Unión Europea e aos marxeos de actuación dos distintos niveis de goberno para incidir sobre a competitividade do tecido productivo no contexto dunha economía de mercado aberta e competitiva.

A docencia e a discusión da economía sectorial no contexto global e da Unión Europea complementase tamén cunha introducción conceptual e coa incorporación das aportacións

máis recentes do pensamento económico que contribúen á análise do funcionamento dos mercados, con especial atención aos contidos da Nova Organización Industrial.

III. METODOLOXÍA

O enfoque da curso e predominantemente práctico, xunto ás presentacións teóricas na aula (aproximadamente 1/3 da docencia), discútnense casos prácticos de estratexia competitiva e analízanse casos baseados en sectores relevantes da economía galega e o seu contorno dentro da Unión Europea e da economía global (1/3 da docencia aproximadamente). O restante 1/3 da docencia destínase á discusión e dirección dos traballos dos estudantes sobre a situación e posicionamento competitivo dun dos sectores seleccionados ao efecto.

IV. AVALIACIÓN

A avaliación realízase de xeito continuo sobre das discusións de casos realizadas nas correspondentes sesións docentes e dos de tests periódicos realizados nas aulas (esta avaliación suporá o 80% da nota final). O esforzo, dedicación e resultados dos traballos dos estudantes sobre a situación estrutural e o posicionamento competitivo dun dos sectores elixidos se avaliará co restante 20%. Realízase tamén un exame final para aqueles estudantes que necesiten mellorar a avaliación do curso para superar a asignatura. Os estudantes que non houberan realizado o traballo e seguido con regularidade as discusións de casos ao longo do curso, deberán realizar unha primeira parte adicional no exame final destinada especificamente aos temas de metodoloxía e instrumentos da análise sectorial.

V. TEMAS OU BLOQUES DE COTIDOS

PARTE I: INTRODUCCION

TEMA I: A ECONOMIA SECTORIAL E INDUSTRIAL.

Establécese o contido e os campos de aplicación fundamentais da Economía Sectorial, ademais dos conceptos básicos que se han manexar ao longo do curso. Realízase un curto recorrido da evolución experimentada pola Economía Sectorial, recollendo os principais enfoques incorporados nas diferentes escolas de pensamento.

TEMA 2: FUNDAMENTOS DA ECONOMIA SECTORIAL E INDUSTRIAL.

Preséntase outro prisma de aproximación á economía sectorial, recollendo as análises teóricas que fundamentan observacións máis empíricas da realidade sectorial. Cuestións como barreiras á entrada, concentración e poder de mercado ou cooperación e prácticas colusivas *entre axentes* desde a perspectiva da Nova Organización Industrial, serán obxectivo deste capítulo.

PARTE II: A ECONOMIA SECTORIAL NO EIDO EMPRESARIAL

Buscaranse dúas aplicacións básicas: a elaboración de Plans de Actuación Estratéxica e a avaliación de proxectos de inversión.

TEMA 3: ANALISIS ESTRUCTURAL DUN SECTOR.

A partir da caracterización estrutural do sector e da intensidade coa que inciden nél as Forzas Competitivas, preténdese unha aproximación aos seus niveis globais de rentabilidade.

TEMA 4: PROCESO EVOLUTIVO NUN SECTOR.

Establécese se a caractereización definida no capítulo anterior se manterá ao longo do tempo. Por este motivo, analizaranse os factores que determinan o proceso evolutivo dun sector e identificaranse aquelas circunstancias que poden impulsar cambios, con atención especial á incidencia dos procesos de innovación tecnolóxica.

TEMA 5: DISCRIMINACION DE UNIDADES PRODUCTIVAS NUN SECTOR.

Unha vez definido o marco de actuación común para as empresas que operan no sector, preténdese identificar a qué responde a existencia de situacións particulares manifestamente diferenciadas e, consecuentemente, cales son as claves do posicionamento das empresas nun sector. De este modo, teremos a información básica para diseñar liñas de actuación estratéxicas e avaliar diferentes proxectos de investimento.

PARTE III DIFERENTES MARCOS SECTORIAIS

Unha vez establecidos os fundamentos do comportamento sectorial e a súa análise, faise un recorrido por diferentes situacións ou estados nos que se pode atopar un sector. De xeito seral nestes temas daraselles resposta ás seguintes cuestións. ¿Factores que caracterizan unha situación? ¿Circunstancias que levaron a que o sector atópese nesta fase? ¿Principais problemas que se plantean? ¿Claves estratéxicas para a actuación empresarial nun entorno así configurado?.

TEMA 6: SECTOR DE NOVA CREACION.**TEMA 7: SECTOR MADURO.****TEMA 8: SECTOR EN DECLIVE.****TEMA 9: SECTOR FRAGMENTADO.****TEMA 10: SECTOR GLOBAL.**

Procederáse a un tratamento máis extenso desta configuración sectorial, xustificada pola tendencia crecente cara á internacionalización e globalización económica coa consiguiente transcendencia alcanzada polos factores de competitividade para a supervivencia dun sector nun ámbito xeográfico determinado. Recollense os factores explicativos deste proceso de globalización, as vantaxas derivadas dunha estratexia global, así como as asociadas a ubicación nunha área territorial concreta.

PARTE III: POLITICA INDUSTRIAL E DA COMPETENCIA NA UNION EUROPEA

Establecense dúas áreas asociadas aos obxectivos da Economía Sectorial no eido dos poderes públicos: en qué medida as forzas do mercado garanten unha asignación eficiente dos recursos e en qué medida contribuen a alcanzar unha distribución da renda socialmente *acceptable*. Considerase especialmente o contexto de Política Industrial e da Competencia na Unión Europea e as posibilidades e limitacións das actuacións de fomento aos distintos niveis (centrais e subcentrais) dos poderes públicos, ao mesmo tempo que as limitacións sobre as estratexias e alianzas entre as empresas.

TEMA 11: POLITICA INDUSTRIAL E COMPETENCIA.

Unha vez fixado o concepto de Política Industrial, realizase un percorrido polos diferentes enfoques da mesma, expoñense os marcos de actuacións, medidas e posibilidades, dentro do respecto a política da competencia e expoñense os instrumentos utilizados para incidir sobre a asignación de recursos derivada do mercado e polos obxectivos e efectos perseguidos nestas actuacións.

TEMA 12: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE E A EMPRESA NA UE

Estudianse as posibilidades de política industrial na UE con especial atención as políticas de fomento da competitividade, da I+D, das Pymes, dos incentivos de carácter rexional e dos rexímenes especiais para o apoio as empresas con problemas.

VI. RECOMENDACIONES

O coñecemento do inglés es moi aconsellable para accederen á bibliografía máis recente e á documentación e información do mundo global e europeo.

Asistir ás aulas con regularidad e participar nas discusións de casos e na realización do traballo académico do curso es moi importante para o aproveitamento e a superación do curso. Se a alguén non lle fora posible atender ás aulas deberá poñerse en contacto cós profesores para instrumentar algunha posible solución.

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Podense consultar os sitios da asignatura na Universidade Virtual e na páxina da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea (UDC/docencia e estudio/temas académicos/acción Jean Monnet).

Non existe un único libro ou conxunto simple de materiais que permita seguir tódalas materias do curso. Non obstante, como libros base de traballo recoméndanse:

- PORTER, M., “Estrategia Competitiva: Técnicas para el análisis de los sectores industriales y de la competencia”, CECSA, versión española do orixinal inglés de 1980). Un dos textos pioneiros na análise estrutural de sectores industriais e entorno competitivo. Recomendase a lectura do orixinal en inglés. Tamén do mesmo autor, a monumental investigación “La ventaja competitiva de las naciones”.
- OMAHE, K. “The Invisible Continent”, HarperBusiness, 2000, y “The Next Global Stage”, Wharton School Publishing, 2005. Libros fundamentais para a estratexia empresarial e sectorial no actual mundo globalizado.
- MOTTA, M. “Competition Policy: Theory and Practice”, Cambridge University Press, 2004. Un libro de gran valor respecto aos modelos e política da competencia na UE. Contén numerosos casos de cárteles, acordos e alianzas empresariais.

Ademáis destes libros e a restante bibliografía que se proporcionará no curso, débense utilizar as bases de datos de información empresarial e as publicación das revistas especializadas, das asociacións sectoriais e outros materiais. A búsqueda e interpretación das distintas fontes de información e unha das capacidades básicas á desenvolver durante o curso. O emprego dos materiais en INTERNET é imprescindible.